

2022

E AS MULLERES ENTRARON NA UNIVERSIDADE

Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

+34 986 813 419
igualdade@uvigo.gal

Edificio Ernestina Otero
Campus universitario
36310 Vigo

A nosa historia constrúese grazas a loitas e a sacrificios individuais que se conxugaron con reivindicacións colectivas para lograr fitos históricos. Un dos grandes dereitos conquistados polas mulleres foi o acceso á universidade. A súa incorporación masiva a esta é o

factor máis importante para explicar o gran crecemento da economía española na segunda parte do século XX, algo pouco recoñecido na nosa sociedade.

As mulleres representan o 58 % do alumnado no noso país (Eurostat, 2021) e obteñen mellores resultados (CRUE, 2019).

Todo poder precisa dunha xenealoxía.
Desenvolver a historia das mulleres (*herstory*) e os seus pequenos e grandes fitos contribuíron a crear sociedades máis xustas e iguais.

AS PIONEIRAS

Ata hai pouco, a universidade foi «cousa de homes»: androcéntrica e excluínte ante a *experticia* das mulleres. Estes centros de coñecemento eran, nas súas orixes, hostís á presenza feminina, moitas veces negando a súa autoridade epistémica. Hoxe contan cunha presenza paritaria de alumnado e cada vez son menos «cegos» ao xénero. Medran as accións pioneiras que atenden as necesidades específicas das mulleres, como o acceso gratuíto aos produtos menstruais ou a creación de salas de lactación (onde destaca a UVigo).

—1841

CONCEPCIÓN ARENAL, vestida con roupas de home, foi a primeira galega da que se ten coñecemento en acceder aos estudos universitarios. Cando a descubren cursando Dereito na Universidade de Madrid permíteselle asistir como oínte pero négaselle a matrícula e queda illada do resto de alumnos. Ela foi tamén a primeira docente universitaria do Estado.

—1901

MANUELA BARREIRO PICO licenciouse en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela e converteuse na primeira galega e a sétima en España. Tanto para matricularse coma para exercer houbo de solicitar un permiso.

—1910

Grazas ao impulso de EMILIA PARDO BAZÁN como conselleira de Instrución Pública, legalízase en España o libre acceso das mulleres á universidade.



O sistema non cambia dun día para outro. As desigualdades trasládanse a outros eidos: velaí a elección de carreiras por xéneros, a imposición de características específicas para o exercicio profesional das mulleres ou as trabas para desenvolverse profesionalmente.

XANEIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
52	27	28	29	30	31	1	2
1	3	4	5	6	7	8	9
2	10	11	12	13	14	15	16
3	17	18	19	20	21	22	23
4	24 / 31	25	26	27	28 <small>San Tomé de Aquino</small>	29	30

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....


OS FENÓMENOS DO ÁMBITO UNIVERSITARIO

Nas últimas décadas os avances en igualdade no ámbito universitario foron significativos. Isto produce un «spellismo de igualdade» que ás veces dificulta ver as resistencias que aínda perduran. A implantación dos estudos de xénero ou do traballo das unidades de igualdade axúdannos a coñecer e a nomear as desigualdades existentes.

Segregación vertical: postos de poder e de prestixio social ocupados maioritariamente por homes, mesmo en ámbitos feminizados.

Segregación horizontal: estereotipos e roles de xénero inflúen na escolla de estudos e de profesións, ademais de provocar o coñecido como «traballo doméstico académico».

Fenda de coidados: a división sexual do traballo, que fai que as mulleres aínda sexamos as responsables principais dos coidados, tamén repercute no ámbito



universitario. A Lei 13/2021 «Ángeles Alvariño», pioneira no Estado, promove medidas como establecer accións positivas para evitar estas penalizacións na carreira investigadora.

Efecto Matilda: este fenómeno visibiliza o prexuízo en contra de recoñecer as achegas das científicas na investigación.

FEBREIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
5	31	1	2	3	4	5	6 <small>Día Int. Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina</small>
6	7	8	9	10	11 <small>Día Internacional das Mulleres e das Nenas na Ciencia</small>	12	13
7	14 <small>Día Europeo da Saúde Sexual</small>	15	16	17	18	19	20
8	21	22 <small>Día Europeo da Igualdade Salarial</small>	23	24	25	26	27
9	28						

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....


ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL

O acceso das mulleres á universidade non rompe coa división sexual, senón que a adapta: as mulleres cursan estudos vinculados aos cuidados, con menor recoñecemento social e peores salarios.¹

A Escola de Enxeñaría Técnica Industrial, fundada en 1901, é o xerme da Universidade de Vigo. A súa historia, na que a presenza masculina é maioritaria, é un exemplo da segregación horizontal nos ámbitos de coñecemento e nas escollas profesionais. Así a todo, a taxa de éxito na superación das materias é maior nas mulleres, que fai fronte a calquera dos mitos sobre a valía feminina.

As mulleres acceden á enxeñaría en 1929, ano no que Pilar Careaga se converte na primeira licenciada en España nesta área. Na Universidade de Vigo, das tres alumnas pioneiras no curso de 1940, só Ángela González Garrido, formada na Escola Técnica de Peritos Industriais de Vigo, rematou a carreira. Accedeu ao Colexio en 1965.

Segundo o IGE, entre 2001 e 2019 nos campos da enxeñaría e da arquitectura é onde hai menos mulleres matriculadas, que representan un 31 % do total. No resto de áreas do coñecemento rolda entre o 60 e o 70 %.



¹ Segundo o Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990/2015), o desemprego afecta máis ás mulleres (14,8 %) ca aos homes (8,5 %).

<https://bit.ly/31oP3Bq>

Na imaxe: Ángela González Garrido

MARZO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
9	28	1 Martes de Entroido —Festivo local en Ourense	2 Mércores de Cinza —Festivo local en Pontevedra	3	4 Día Internacional de Concienciación sobre o VPH	5	6
10	7	8 Día Internacional das Mulleres	9	10	11	12	13
11	14 Día Mundial da Endometriose	15	16	17	18	19	20
12	21	22	23	24	25	26	27
13	28 Día da Reconquista —Festivo local en Vigo	29	30 Día Internacional das Traballadoras do Fogar	31	1	2	3

.....

.....

.....

.....

.....

.....


.....

.....

.....


.....

ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN



A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo creouse en 1985. Todas as alumnas da primeira promoción (egresadas en 1990) son profesoras na UVigo: Verónica Santalla del Río, María Vera Isasa e Mónica Mato, Victoria Abreu Sernández (xubilada).

Desa primeira promoción, eran profesoras (e algunhas seguen a selo) Carmen García Mateo (catedrática da UVigo), que recibiu o premio Josefa Wonenburger en 2014; Betty León Fong (do Departamento de Física Aplicada, non adscrito a Teleco); Mónica Fernández Barciela e Generosa Fernández Manín.



ABRIL

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
13	28	29	30	31	1	2	3
14	4	5	6	7	8	9	10
15	11	12	13	14	15	16	17
16	18	19	20	21	22 <small>Día Internacional das Nenas nas TIC</small>	23	24
17	25 <small>Día da Visibilidade Lésbica</small>	26	27	28	29	30	1

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

ENXEÑARÍA AEROESPACIAL

Seguen a darse patróns de preferencia do campo de estudo en función do xénero. As mulleres representan máis da metade do alumnado matriculado no sistema universitario español e galego, pero nas áreas máis técnicas —ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas (CTEM)—, hai poucas.

O Grao en Enxeñaría Aeroespacial da Universidade de Vigo reflicte esta



tendencia. A pesar de que comeza no curso 2016/2017 cunha proporción optimista de case un 40 % de mulleres, nas seguintes promocións baixa ata o 26,77 % no curso 2020/2021.

As eleccións dos estudos veñen motivadas por factores estruturais e estereotipos, e roles de xénero preconcebidos que lles poñen barreiras ás nenas dende pequenas. A isto engádese a falta de visibilidade de referentes femininos e a inseguridade das estudantes fronte a un contorno laboral dominado por homes.

As estudantes temen a discriminación, o que as leva a orientarse a ámbitos máis feminizados. Esta escasa diversidade de xénero no eido tecnolóxico só reforza os roles do sistema e frea o potencial de progreso.

—
Na imaxe: Svetlana Savitskaya




	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
17	25	26	27	28	29	30	1
18	2	3	4	5	6	7	8
19	9	10	11	12	13	14	15
20	16	17 <small>Día Internacional contra a Homos- bobitransfobia</small>	18	19	20	21	22
21	23 / 30	24* / 31	25	26	27	28 <small>Día Internacional da Acción pola Saí- de das Mulleres</small>	29

24: Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme

CALENDARIO
DA IGUALDADE 2022

ENXEÑARÍA DE MINAS



En Enxeñaría de Minas (implantada na Universidade de Vigo no curso 1992/1993), pouco máis dun cuarto das matrículas son femininas. Este reducido número vén xustificado en boa parte pola natureza técnica da titulación.

Os estudos de enxeñaría teñen un carácter masculinizado. As nenas son dirixidas cara a ámbitos que non confrontan coa organización da sociedade, en espazos que obedezan á orde social.

A taxa de emprego actual nas CTEM é elevada. A maioría de graduadas vai poder desenvolver a súa carreira

profesional dentro desta área, con condicións moitas veces mellores ca nas profesións feminizadas.

Para lograr incrementar a presenza das mulleres nas enxeñarías, debemos incidir na motivación en idades temperás, implantar mecanismos de promoción da igualdade no ámbito laboral, atender á escasa presenza masculina en ámbitos feminizados e avanzar na conciliación da vida familiar e laboral.

Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

+34 986 813 419
igualdade@uvigo.gal

Edificio Ernestina Otero
Campus universitario
36310 Vigo



	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
22	30	31	1	2	3	4	5
23	6	7	8	9	10	11	12
24	13	14	15	16	17	18	19
25	20	21	22	23 <small>Día Internacional das Mulleres na Enxeñaría</small>	24	25	26
26	27	28 <small>Día Internacional do Orgullo LGTBQ+</small>	29	30	1	2	3

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

BELAS ARTES

O acceso das mulleres ás escolas de arte tivo as súas limitacións: estáballe prohibido mirar modelos espidos, polo que non quedaba outra que especializarse en bodegóns e paisaxes, que limitaban a libre expresión artística.

A proporción de mulleres neste campo fíxose visible e a día de hoxe son o 60 % do alumnado de Belas Artes en España. A mesma Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, creada en 1990, reflicte este dominio feminino. Porén, no terreo profesional as mulleres non están xustamente representadas en exposicións, galerías, museos e centros de arte.

A precariedade e a inestabilidade laboral común á profesión artística tórnase crítica para as mulleres. Á compaxinación da produción artística con outros traballos como a docencia, súmanse o peso da maternidade, das convencións e dos coidados.



As obras de autoría feminina adoitan ser menos valoradas economicamente. Isto vese reforzado polo receo ante a continuidade da carreira de mozas artistas. A calidade segue a poñerse como a escusa para frear o crecemento profesional das mulleres na arte.

É preciso visibilizar, investigar e reivindicar as artistas desde a carreira. Analicemos as institucións, potenciemos políticas que promovan a igualdade de representación e esixamos respectar cotas de xénero en exposicións, feiras, premios e órganos de decisión.



XULLO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
26	27	28	29	30	1	2	3
27	4	5	6	7	8	9	10
28	11 <small>San Bieito — Festivo local en Pontevedra</small>	12	13	14 <small>Día Internacional da Visibilidade Non Binaria</small>	15	16	17
29	18	19	20	21	22	23	24
30	25 <small>Día Internacional das Mulleres Afro- descendentes</small>	26	27	28	29	30	31

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

FISIOTERAPIA

Carreiras relacionadas coa ensinanza e coa saúde seguen a estar dominadas por mulleres. Estas permiten seguir perpetuando o rol de coidadoras e ofrecen un futuro laboral máis seguro, onde as competencias femininas non serán cuestionadas, senón xustificadas polo xénero.

A atribución de xénero a profesións e especialidades responde a un concepto paternalista e misóxino, a unha visión androcéntrica onde os homes historicamente temían (e aínda temen perder o seu poder).

O Grao en Fisioterapia da Universidade de Vigo segue esta lóxica da implantación histórica das mulleres nas ciencias da saúde: elas supoñen as tres cuartas partes das matrículas.

Desde 1997 a proporción de mulleres é visible, pero o número de profesoras permanentes representa unha pequena proporción respecto ao total. No curso 2019/2020, 17 das 23 persoas que formaban parte do persoal docente e investigador eran mulleres, pero das 15 docentes só 7 eran con vinculación permanente.

En xeral, en todas as carreiras as mulleres recoñecidas e recordadas polas súas contribucións profesionais son sempre menos ca os homes. Para os homes son os postos de xestión e de investigación; para elas, lugares secundarios dentro da disciplina.



MATRÍCULAS NO GRAO
DE FISIOTERAPIA

● Mulleres
● Homes

AGOSTO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
31	1	2	3	4	5	6	7
32	8	9	10	11	12	13	14
33	15	16 <small>Día de San Roque —Festivo local en Vigo</small>	17	18	19	20	21
34	22	23	24	25	26	27	28
35	29	30	31	1	2	3	4

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



.....

CIENCIAS

O peso das mulleres na Facultade de Ciencias do campus de Ourense da Universidade de Vigo é lene en relación coa totalidade de alumnado.

- No curso 1992/1993, 15 mulleres licéncianse en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos.
- No curso 1997/1998, 3 acadan o título de Enxeñeira Técnica Agrícola (especialidade de Industrias Agrarias e Alimentarias).
- No curso 1999/2000, só 4 mulleres se licencian en Física.
- No curso 2013/2014, 7 mulleres gradúanse en Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos, 14 en Ciencias Ambientais e 4 en Enxeñaría Agraria.

As mulleres con vocación científica atópanse cun sistema que as afasta das áreas das ciencias por mor dos estereotipos de xénero e cun panorama complexo no terreo profesional. Elas teñen que esforzarse moito máis ca os seus colegas se queren que a súa valía sexa recoñecida.



SETEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
35	29	30	31	1	2	3	4
36	5 <small>Día Internacional das Mulleres Indíxenas</small>	6	7	8	9	10	11
37	12	13	14	15	16	17	18
38	19	20	21	22	23 <small>Día Internacional da Bisexualidade e contra a Explotación Sexual e o Tráfico de Seres Humanos</small>	24	25
39	26	27	28 <small>Día de Acción por un Aborto Legal e Seguro</small>	29	30	1	2

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

As ciencias económicas foron consideradas un campo de coñecemento de homes. Mais foron importantes achegas das mulleres as que nos situaron no actual momento de comprensión do contorno socioeconómico.

Beatrice Webb, Joan Robinson, Anna Jacobson ou Janet Yelen son exemplos de pioneiras neste eido.

Moitas investigadoras foron silenciadas; en numerosos casos adxudicáronselles as súas contribucións e méritos a nomes masculinos.

No momento fundacional da Universidade de Vigo, no curso 1989/1990 e anteriores, había 19 mulleres docentes na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. As 49 alumnas desa primeira promoción representaban máis do 60 % do estudantado. Unha maioría feminina que chega ata hoxe.

O paradigma económico dominante reflicte unha realidade pouco obxectiva que ignora as especificidades da variable xénero. As contribucións á vida económica



mídense só en termos monetarios. Os enfoques feministas propoñen incorporar a situación do xénero feminino e as súas achegas ao desenvolvemento social e económico. Pensemos en actividades carentes de retribucións económicas pero tan importantes como as tarefas domésticas, que tenden a recaer sobre as mulleres.

OUTUBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
39	26	27	28	29	30	1	2
40	3	4	5	6	7	8	9
41	10	11 <small>Día Internacional das Nenas</small>	12	13	14	15 <small>Día Internacional das Mulleres Rurais</small>	16
42	17	18	19	20	21	22	23
43	24 / 31	25	26 <small>Día Internacional da Intersexualidade</small>	27	28	29	30

.....

.....

.....

.....

.....

.....


.....

.....

.....

.....

HISTORIA



A historia que nos contaron invisibilizou as persoas. Precísanse máis mulleres en xeral, e máis mulleres críticas que reconstrúan o relato histórico dende a perspectiva de xénero.

Milagros Cavada e M.^a Victoria Carballo-Calero foron unhas das primeiras docentes e seguen neste ámbito. Entre as primeiras alumnas egresadas (licenciadas en Xeografía e Historia) no ano 1992:

PILAR MURGA GUZMÁN
CARMEN PILAR VÁZQUEZ NÓVOA
MARÍA DEL CARMEN CID GONZÁLEZ
MARÍA MONTSERRAT CASTRO SALGADO
ANA MARÍA SOTELO GONZÁLEZ
MARÍA LUZ LEDO PÉREZ
MARÍA CONCEPCIÓN BLANCO GARCÍA
MARTA VIÑAS GARCÍA
MARÍA DEL PILAR GÓMEZ ANANIN
MARÍA DEL CARMEN MONTERO ROMERO
ADRIÁNGELA MENÉNDEZ LLORENTE
MARÍA JOSÉ LÓPEZ ÁLVAREZ
ROSA MARÍA PROL PROL

NOVEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
44	31	1	2	3	4	5	6
45	7	8	9	10	11 <small>San Martiño — Festivo local en Ourense</small>	12	13
46	14	15	16	17	18 <small>Día Internacional das Persoas LGBTQI+ na Galecia</small>	19	20 <small>Día Internacional da Memoria Trans</small>
47	21	22	23	24	25 <small>Día Internacional contra a Violencia Machista</small>	26	27
48	28	29	30	1	2	3	4

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....


.....

FILOLOXÍA E TRADUCIÓN

Algunhas das pioneiras foron Dolores Troncoso e Camiño Noia, profesoras no Colexio Universitario de Vigo (Cuvi), implantado en 1973 e primeiras decanas da Facultade de Filoloxía e Tradución (creada en 1991); e as catedráticas M.^a do Carmo Henriques, Elena Sánchez Trigo e Veljka Ruzicka Kenfel.

O alumnado foi desde os inicios maioritariamente feminino. Rosa Pérez acabou sendo decana e Carmen Cabeza vicerreitora, por destacar algunhas ex-alumnas. Outras comprometéronse coa loita feminista e/ou son coñecidas pola súa faceta literaria: M.^a Xosé Queizán, Xela Arias, María Reimóndez, Olga Castro...

No Cuvi, as profesoras de letras e de ciencias ou de económicas eramos bastante dominantes no uso da palabra e na realización de actividades académicas e culturais, case sempre eramos mulleres as que tiñamos a iniciativa de organizar algo —CAMIÑO NOIA



Algúns fitos

- Creación en 1996 do «Feminario Teorías da Diferenza»
- Mestrado de Estudos de Xénero
- Proxecto europeo SOS-VICS para a mellora da comunicación coas mulleres migrantes vítimas da violencia de xénero a través de intérpretes con formación
- JUSTISIGNS 2
- G-Book

O pasado ano outorgóuselle á facultade o primeiro Distintivo de Igualdade da Universidade de Vigo.

DECEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
48	28	29	30	1	2	3	4
49	5	6	7	8	9	10	11
50	12	13	14	15	16	17	18
51	19	20	21	22	23	24	25
52	26	27	28	29	30	31	1

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

UNIVERSIDADE DE
VIGO, ESPAZO LIBRE DE
VIOLENCIAS MACHISTAS